



O Caderno do Avó

XUNTA DE GALICIA



[Faint, illegible text, possibly bleed-through from the reverse side of the page. The text is too light to transcribe accurately.]



O Caderno do Avó



Axóu xeres

Unha festa para o teu **bebé**



As Festas e os Encontros dos Avós

Un acontecemento feito para a xente miúda da casa.
Unha actividade de lecer para toda a familia.


Unha hora de música, de xogos e de palabras
que terá continuidade no Obradoiro dos Avós.

Este ano, as Festas e os Encontros dos Avós fanlles
unha homenaxe ás avoas e aos avós que, cos seus contos,
xogos e cantigas, axudan os pais e as nais na tarefa de
abrilles aos bebés as portas da lingua e do mundo.

E despois das Festas e dos Encontros... apuntádevos aos
Obradoiros dos Avós.

Aloumiños, xestos e palabras para comunicar afectos.

Os Avós, unha experiencia para vivirmos en familia!



A Carolina

#1

A saia da Carolina
ten un lagarto pintado;
cando a Carolina baila,
o lagarto dálle ao rabo.

Bailaches, Carolina?
Bailei, si señor.
Dime con quen bailaches.
Bailei co meu amor (tres veces)
Bailaches, Carolina?
Bailei, si señor.

A Carolina é unha tola
que todo o fai ao revés,
vístese pola cabeza
e íspese polos pés.

Bailaches, Carolina?
Bailei, si señor.
Dime con quen bailaches.
Bailei co meu amor (tres veces)
Bailaches, Carolina?
Bailei, si señor.

O señor cura non baila
porque ten unha coroa.
Baile, señor cura, baile,
que Deus todo llo perdoa.

Bailaches, Carolina?
Bailei, si señor.
Dime con quen bailaches.
Bailei co meu amor (tres veces)
Bailaches, Carolina?
Bailei, si señor.

Co teu amor, Carolina,
non volvas a bailar,
porque che levanta a saia
e é moi mala de baixar.

Bailaches, Carolina?
Bailei, si señor.
Dime con quen bailaches.
Bailei co meu amor (tres veces)
Bailaches, Carolina?
Bailei, si señor.

Xogo

Xogo para rifar

Chirlo mirlo, vaite deitar
tras das portas do lugar;
Cae a mesa, cae a artesa,
cae o rei coa súa cordesa.
Chucuruchi, que saias ti!

Un, dous, tres

#2

Luns e martes e mércores, tres.

Xoves e venres e sábado, seis.

Un, dous, tres. Un, dous, tres.

Un, dous, tres, catro, cinco e seis.

Unha ovella chimpou do revés.

Se a ovella chimpa, tamén poderei.

Un, dous, tres. Un, dous, tres.

Un, dous, tres, catro, cinco e seis.

Dous coelliños que tiña o marquês
tiveron fillos e xa foron seis.

Un, dous, tres. Un, dous, tres.

Un, dous, tres, catro, cinco e seis.

Xogo

Cantiga para xogar nós sentados/as e o bebé de pé. Collémolo polas mans e viramos á vez pasando a cabeza por debaixo dos brazos do outro. Para desenredármolos facemos o xiro contrario.

Assí se amasa,

assí se peneira.

Assí se dá a volta

ao pan na maseira.

A vaca Marela #3

Eu teño unha vaca marela,
que é o demo, a condenada,
presume de vaca moderna
e non quere traballar.

Ela canta con acento
de mulata brasileira.
Hai que vela como move
as cadeiras ao bailar.

Fixo a permanente no rabo
e botoulle esmalte aos
cornos
e disque xa ten mercadas
unhas medias de cristal.

Non dá leite nin da nada,
dá patadas á canada.
A herba xa non lle vai,
quere palla integral.

Xogo

A Manxurriña. Recítanselle ao bebé os dous primeiros versos mentres se lle fan cóxegas co dedo furabolos na palma da man. No terceiro verso séguenselle facendo círculos na man mirando cara arriba coma se o gato andase por aí. Ao recitar o último, dáselle un pequeno susto co dedo na barriga ou na palma da man.

Manxurriña, Manxurriña,
come pan e pataquiña.
Viches o gato no unto?
Pum! Que te apunto!

Unha vella tiña un can

#4

Unha vella tiña un can
debaixo da cama onde ela
durmía. (bis)

O can ladraba: guau, guau.
E a vella non se decataba.
Unha vella tiña un gato
debaixo da cama onde ela
durmía. (bis)

O gato miaraba: miau, miau.
O can ladraba: guau, guau.
E a vella non se decataba.
Unha vella tiña un rato
debaixo da cama onde ela
durmía. (bis)

O rato chiaba: iiii, iiii.
O can ladraba: guau, guau.
O gato miaraba: miau, miau.
E a vella non se decataba.
Unha vella tiña unha ovella
debaixo da cama onde ela
durmía. (bis)

A ovella beaba: beeeebeee.
O can ladraba: guau, guau.
O gato miaraba: miau, miau.
O rato chiaba: iiii, iiii.
E a vella non se decataba.
Unha vella tiña unha vaca
debaixo da cama onde ela
durmía. (bis)

A vaca brulaba: muuu, muuu.

O can ladraba: guau, guau.

O gato miaraba: miau, miau.

O rato chiaba: iiii, iiii.

A ovela beaba: beeeebeee.

E a vella non se decataba.

Unha vella tiña un coello
debaxo da cama onde ela
durmía. (bis)

O coello saltaba: boing!, boing!

O can ladraba: guau, guau.

O gato miaraba: miau, miau.

O rato chiaba: iiii, iiii.

A ovela beaba: beeeebeee.

A vaca brulaba: muuu, muuu.

E a vella non se decataba.

Unha vella tiña un lobo
debaxo da cama onde ela
durmía. (bis)

O lobo ouveaba: auuu, auuu.

O can ladraba: guau, guau.

O gato miaraba: miau, miau.

O rato chiaba: iiii, iiii.

A ovela beaba: beeeebeee.

A vaca brulaba: muuu, muuu.

O coello saltaba: boing!, boing!

O lobo ouveaba: auuu, auuu

E a vella, por fin se decataba!

E así dicía:

"Mal raiio te parta, can,
que mal agradeces
o pan que che dan!" (bis)

Xogo

Cantiga para xogar coa man. Cántase coléndolle os dedos e ao rematar fánzelle cóxegas na palma.

Vixiguento,
mal contento,
pide pan
e non llo dan.



[Faint, illegible text, possibly bleed-through from the reverse side of the page.]

Xogo

#5

Para xogar co axóuxere. Co bebé recostado recítaselle a cantiga repicando o axóuxere e xogando co seu nariz, cos seus dedos, coas súas dedas...

Pico, pico, mazarico,
quen che deu tan longo pico?
Repicar e repicar,
cun axóuxere a soar.
Repiquei e repiquei,
tres granciños atopei
e leveinos ao muíño;
o muíño a moer,
os ratiños a roer...
E collín un polo rabo
e quindeiro para outro lado!

Xogo

#6

Para xogar co bebé entre varias persoas ou unha soa. Quen fai de avó queda de costas á parede e o resto vaille facendo preguntas e dando pasos segundo resposta. Quen chegue antes á parede, panda.

- Avó, avó que hora é?
- n^o pasos de elefante (danse pasos grandes).
- n^o pasos de formiga (danse pasos pequenos).
- n^o pasos de xigante (collese impulso e danse grandes saltos).
- n^o pasos de cangrexo (danse os pasos cara atrás).

Xogo

#7

Os animais do avô son...

- O gato,

- A vaca,

- O can...

-

-

A miña familia somos...

- Eu

- A miña avoa.....

- E o meu avó

- O outro avó

- E a outra avoa

- Meu pai

- Miña nai

- E miña(s) irmá(s) e meu(s) irmán(s)

.....

- Tamén teño


.....

.....

Fotos da
miãa Família


Fotos da
miña Familia





Debuxa as
personaxes






Debuxa as
personaxes







Despois das Festas e dos Encontros chegan os

Aradoiros

Con inscrición previa.

Consulta toda a información na rede:

www.xunta.es/linguagalega

E participa nun sorteo contándonos como foi a vosa experiencia nos Axóuxeres. Opta a un dos premios. Sortearanse varios lotes de produtos de lecer para a xente miúda da casa entre os participantes nos Axóuxeres.



Este ano os Axóuxeres tamén están nas
Redes Sociais

www.facebook.com/axouxeres

<http://twitter.com/OsAxouxeres>

Únete a eles!



Axóu xeres

Unha festa para o teu **bebé**



Organiza : Secretaría Xeral de Política Lingüística
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Xunta de Galicia

Produce: Galitoon

Dirección do espectáculo: Luis Miguel Rodríguez
Dirección de produción: Chisco Castelleiro
Dirección de arte e manipulación: Santiago Alonso
Guión: Andrea Bayer
Coordinación de comunicación: Tatiana García
Construción monicreques e aderezos: Óscar Ferreira, Suso Fernández
Técnicos de son: Marcos Lemos, Dani Abalo
Deseño gráfico: Ovo Publicidade

Elenco Artístico

Dirección musical: Xosé Liz
Cantante e letras (adaptación): Eli Paz
O Avo: Xosé Manuel Oliveira "Pico"
Músicos: Xosé Liz, Diego Paz
Actores manipuladores: Santiago Alonso (Toto), María Caparrini,
Rogelio Lema, Francisco Martínez
Vestuario: Noemí García
Montaxe: Suso Fernández, Ivan Oubiña, Diego Pérez
Aderezo: Olga Otero

D.L. PO 448/2010







XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA
DE GALICIA